

**Resolución da Axencia Galega da Industria Forestal pola que acorda manter a operatividade dos formularios normalizados correspondentes ás axudas convocadas pola Resolución do 27 de decembro de 2019 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro de 2020), código de procedemento IN500A.**

**Primeiro.** No Dog núm. 34, do 19 de febreiro de 2020, publicouse a Resolución da Axencia Galega da Industria Forestal do 27 de decembro de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2020 en réxime de concorrencia competitiva as axudas aos investimentos en tecnoloxías forestais, procesamento, mobilización e comercialización de produtos forestais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (código de procedemento IN500A).

De conformidade co artigo 27 da referida resolución, o prazo de presentación de solicitudes sería dun (1) mes, contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución, polo que o referido prazo remataría o 20 de marzo de 2020.

**Segundo.-** O día 14 de marzo de 2020 publicouse no Boletín Oficial do Estado e entrou en vigor o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

De conformidade co establecido no apartado 1 da Disposición adicional terceira, aplicable a todos os procedementos, suspéndense os termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. O cómputo dos prazos reanudarase no momento no que perda vixencia o citado real decreto ou, no seu caso, as súas prórrogas.

Así mesmo, no apartado 3, establécese que o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente



necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade.

**Terceiro.-** No momento da entrada en vigor do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, faltaban seis (6) días naturais para que finalizase o prazo de presentación de solicitudes da referida Resolución da Axencia Galega da Industria Forestal do 27 de decembro de 2019.

As axudas convocadas pola citada resolución están cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) 2014-2020. De conformidade co establecido no artigo 1.2 das referidas bases, as actuacións financiadas deben cumprir, entre outros, co requisito do Regulamento (UE) nº 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda nos sectores agrícola e forestal e en zonas rurais compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea (DOUE do 1 de xullo de 2014, L 193/1 ) relativo ao efecto incentivador que esixe, en todo caso, a presentación da solicitude de axuda con carácter previo ó inicio da actividade.

Polo que antecede e con fin de que os posibles interesados en participar na citada convocatoria de axudas, e que tivesen previsto comezar coas actividades e inversións de forma inmediata, poidan cumprir co requisito do efecto incentivador previsto nas citadas bases reguladoras,

RESOLVO:

**Primeiro.-** Manter operativos os formularios normalizados de solicitudes correspondentes ao código de procedemento IN500A \_ Axudas aos investimentos en tecnoloxías forestais, procesamento, mobilización e comercialización de produtos forestais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e en consecuencia, permitir que os



interesados, que así o desexen, poidan seguir presentando as súas solicitudes ata o final do estado de alarma, sen que isto supoña a continuación do procedemento.

**Segundo.-** De conformidade co establecido no apartado 1 da Disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, o cómputo dos prazos reanudarase no momento no que perda vixencia o citado real decreto ou, no seu caso, as súas prórrogas.

Santiago de Compostela,

O director da Axencia Galega da Industria Forestal  
(asinado dixitalmente)

José Ignacio Lema Piñeiro

